

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS**

**3574** *Real decreto 248/2009, do 27 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2009.*

O artigo 23 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, dispón que o número total de prazas de novo ingreso do persoal do sector público será, como máximo, igual ao 30 por 100 da taxa de reposición de efectivos e que se concentrará nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais e, en especial, para o desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Dentro deste límite, a oferta de emprego público incluírá os postos e prazas desempeñados por persoal interino, contratado ou nomeado no exercicio anterior a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, agás aqueles sobre os que exista reserva de posto ou estean incursos en procesos de provisión.

A limitación a que se fai referencia no parágrafo anterior non será de aplicación:

- a) Ao persoal da Administración de xustiza, para o cal o número de prazas se determinará de acordo co disposto na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.
- b) Ás administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.
- c) Ás administracións públicas con competencias sanitarias en relación coa cobertura das correspondentes prazas nos hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.
- d) Ao persoal das administracións públicas que teña encomendadas as funcións de control e vixilancia do cumprimento da normativa na orde social, a xestión das políticas activas de emprego e das prestacións por desemprego.
- e) Ás institucións penitenciarias.

Polo que respecta á cobertura das prazas correspondentes á seguranza aérea, o límite máximo será do cen por cento da taxa de reposición de efectivos.

O parágrafo primeiro do número tres do artigo 23 da Lei 2/2008 establece que o Goberno, cos límites que se sinalou anteriormente, poderá autorizar, a través da oferta de emprego público, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Ministerio de Administracións Públicas e por iniciativa dos departamentos ou organismos públicos competentes na materia, a convocatoria de prazas vacantes de novo ingreso que se refiran ao persoal da Administración civil do Estado, dos seus organismos autónomos e axencias estatais, persoal civil da Administración militar, dos seus organismos autónomos e axencias estatais, persoal da Administración da Seguranza Social, persoal estatutario da Seguranza Social, persoal da Administración de xustiza, Forzas Armadas e forzas e corpos de seguranza do Estado, e ao persoal dos entes públicos Axencia Estatal de Administración Tributaria, Consello de Seguranza Nuclear, Axencia de Protección de Datos e da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado.

O artigo 23 da Lei 2/2008, no parágrafo terceiro do número tres sinala tamén que os ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda poderán autorizar conxuntamente as correspondentes convocatorias de postos ou prazas vacantes das entidades públicas empresariais, organismos e entes públicos non mencionados anteriormente, respectando a taxa de reposición de efectivos establecida con carácter xeral.

Así, a oferta de emprego público para o ano 2009, ademais dos sectores exceptuados do límite xeral do 30 por 100 da taxa de reposición, considera prioritario o sector de tecnoloxías e das comunicacións, especialmente neste ano en que debe culminar a implantación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e a incidencia neste campo do desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Así mesmo, na actual conxuntura económica, considérase sector prioritario o da facenda pública, control e loita contra a fraude fiscal e control do gasto público.

O número dous do xa mencionado artigo 23 da Lei 2/2008 mantén o criterio de non proceder á contratación de persoal temporal nin ao nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, con autorización conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, indicando que, en calquera caso, as prazas correspondentes aos nomeamentos computarán para os efectos de cumprir o límite máximo da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público correspondente ao mesmo ano en que aqueles se produzan e, se non for posible, na seguinte oferta de emprego público, salvo que se decida a súa amortización.

Co fin de axilizar os nomeamentos de funcionarios interinos sinalados no parágrafo anterior e responder axeitadamente á urxencia e necesidade inaprazable que os xustifican, seguirase aplicando, con carácter xeral, o sistema de listas de candidatos para a selección de persoal funcionario interino nos termos establecidos na Resolución da Secretaría de Estado para a Administración Pública, do 24 febreiro de 2009, pola que se establece o procedemento de aprobación e xestión de listas de candidatos dos corpos da Administración xeral do Estado, cuxa selección se encomenda á Comisión Permanente de Selección. Así mesmo, poderase utilizar esta posibilidade, logo de autorización da Dirección Xeral da Función Pública, no resto de corpos e escalas incluídos na oferta.

O número catro do artigo 23 da Lei 2/2008 recolle a exigencia de autorización previa conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda para a contratación de persoal fixo ou temporal no estranxeiro, xa sexa segundo a lexislación local ou segundo a lexislación española.

Este real decreto establece os principios que deben rexer a planificación dos recursos humanos, así como os criterios que deben orientar os procesos de selección dos candidatos que mellor se axusten ás necesidades da Administración xeral do Estado. Neste sentido, o Estatuto básico do empregado público, no seu artigo 55, recolle os principios reitores do acceso ao emprego público e a adquisición da relación de servizo. Entre eles sinala «a adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver» (artigo 55.2.e).

Esta prescrición adquire especial relevancia no conxunto dunha Administración pública inmersa nun proceso de cambio profundo, propiciado pola incorporación masiva das tecnoloxías da información e das comunicacións e pola transposición da normativa europea que introducirá cambios profundos no dereito público español. Neste contexto, a Administración está obrigada a adaptar os procesos selectivos para poder dar resposta ás demandas dos cidadáns, coidando especialmente a conexión entre o tipo de probas que hai que superar e a adecuación ao desempeño dos postos de traballo convocados (artigo 61.2 do Estatuto básico do empregado público), ao mesmo tempo que se reforzan os aspectos formativos dos procesos de selección.

Por outra banda, a oferta de emprego público recolle a promoción interna, regulada no artigo 18 da Lei 7/2007, como un dereito dos empregados públicos, así como a posibilidade de articular procesos selectivos de promoción interna horizontal, que se complementarán con formación posterior.

Neste marco e nos termos que establece o artigo 70.2 da Lei 7/2007, correspóndelle ao Goberno autorizar a convocatoria pública das prazas vacantes, con asignación orzamentaria, que deban proverse con persoal de novo ingreso de acordo cos criterios anteriormente expostos. De igual maneira, e coa habilitación que sanciona o número 3 do

artigo 70 antes mencionado, esta oferta de emprego público contén as medidas que se entenden necesarias para unha adecuada planificación dos recursos humanos da Administración xeral do Estado.

Así, por proposta da ministra de Administracións Públicas, co informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, oída a Comisión Superior de Persoal, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2009.

## DISPOÑO:

### Artigo 1. *Aprobación da oferta de emprego público*

1. En cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e no artigo 23 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, apróbase a oferta de emprego público para 2009 nos termos que se establecen neste real decreto.

2. Aos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público para 2009 seralles de aplicación a Orde APU/3416/2007, do 14 de novembro, pola que se establecen as bases comúns que rexerán os procesos selectivos para ingreso ou acceso en corpos ou escalas na Administración xeral do Estado.

As bases específicas de cada proceso deberanse publicar no «Boletín Oficial del Estado» antes do 1 de maio de 2009. O primeiro exercicio dos procesos selectivos derivados desta oferta comezará antes do 15 de xuño de 2009.

As convocatorias de persoal laboral no ámbito do II Convenio único para persoal laboral da Administración xeral do Estado rexeranse polo disposto nos artigos 29, 30 e 31 do dito convenio. As convocatorias do resto do persoal laboral axustaranse ao establecido nos seus respectivos convenios.

Sobre as convocatorias deberá emitir informe favorable a Dirección Xeral da Función Pública. Para estes efectos, os departamentos ministeriais enviarán as bases específicas dos procesos á dita dirección xeral antes do 15 de marzo de 2009.

Os departamentos utilizarán os medios informáticos e telemáticos dispoñibles para axilizar as convocatorias e adoptarán medidas concretas para a redución de cargas administrativas, no marco do Acordo para o desenvolvemento do Plan de redución de cargas administrativas e a mellora da regulación, do 20 de xuño de 2008.

3. Os procesos selectivos deberanse axustar ao calendario sinalado no número anterior, salvo aqueles casos excepcionais, que deberán ser autorizados pola Dirección Xeral da Función Pública e se rexerán polos principios de eficacia, eficiencia e anualidade. Os novos efectivos tomarán posesión das súas prazas, ou serán nomeados funcionarios en prácticas, no exercicio 2009, salvo excepción que autorizará, se é o caso, de forma motivada a Dirección Xeral da Función Pública.

### Artigo 2. *Cuantificación da oferta de emprego público*

A oferta de emprego público 2009 inclúe as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que se deban prover mediante a incorporación de persoal de novo ingreso. Tal como establece o Estatuto básico do empregado público, a oferta de emprego público, como instrumento de planificación dos recursos humanos dispoñibles, define e cuantifica os efectivos en función das necesidades e prioridades dos departamentos e das políticas públicas prioritarias do Goberno. A dita distribución realizarase de acordo co disposto no articulado e nos anexos deste real decreto.

### Artigo 3. *Planificación de recursos humanos*

1. A planificación dos recursos humanos na Administración xeral do Estado vincularase ao cumprimento dos seguintes obxectivos da política de emprego: a atención dos sectores prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais, o correcto dimensionamento do volume de efectivos no marco de austeridade do gasto público, a

racionalización de corpos e escalas, e a eficacia na distribución territorial, así como a redución da temporalidade no sector público.

2. De acordo co número anterior, aplicarase o criterio da reposición selectiva de baixas, o que supón que os novos ingresos se dirixirán aos sectores, funcións e territorios máis necesitados de efectivos. Así pois, darase preferencia na reposición aos sectores prioritarios e ás actividades e funcións esenciais da organización. Así mesmo, buscarase a mellora na distribución funcional e territorial do cadro de persoal, favorecendo a incorporación de novos efectivos nos territorios con maiores necesidades, reforzando especialmente a presenza da Administración xeral do Estado no territorio e racionalizando os servizos comúns e unidades horizontais dos departamentos, co obxectivo de lograr o seu axeitado redimensionamento.

3. Tendo en conta a limitación da taxa de reposición, e para poder responder á demanda de efectivos de corpos xerais, o Ministerio de Administracións Públicas, a través da Dirección Xeral da Función Pública, determinará a distribución dos novos efectivos dos ditos corpos, adscribíndoos aos distintos departamentos, segundo a planificación xeral dos recursos humanos e as políticas que se desenvolverán para o efecto.

4. As convocatorias de provisión de postos, os reingresos ao servizo activo e os procesos de promoción interna seguirán estas orientacións. O mesmo obxectivo inspirará as operacións de recolocación de efectivos polos procedementos previstos no Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

5. Os reingresos ao servizo activo por adscrición provisional dos funcionarios en situación administrativa que non supoña reserva do posto de traballo produciranse, se é o caso, en centros, organismos e territorios necesitados de persoal e, preferentemente, en postos ocupados por persoal interino.

6. A Secretaría de Estado para a Administración Pública poderá establecer criterios que permitan a mobilidade, mediante a participación en concursos de méritos, dos que estean destinados en determinadas áreas de atención prioritaria, atendendo ás necesidades específicas de cada área e á planificación xeral dos recursos humanos.

#### Artigo 4. *Criterios xerais de aplicación nos procesos selectivos.*

De acordo co artigo 55 da Lei 7/2007, sinálanse os seguintes principios reitores para o acceso ao emprego público e a adquisición da relación de servizo:

a) No marco do artigo 55.2 da Lei 7/2007 arriba citada, a selección do persoal funcionario e laboral incluído nesta oferta realizarase mediante procedementos en que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os seguintes:

1. Publicidade das convocatorias e das súas bases.
2. Transparencia.
3. Imparcialidade e profesionalidade dos membros de órganos de selección e os seus membros.
4. Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
5. Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver.
6. Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.

b) De acordo co artigo 61.1 da Lei 7/2007, os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas na citada lei.

c) As bases específicas das convocatorias derivadas desta oferta recollerán a necesaria adecuación entre os contidos dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver, tal como establece o artigo 55.2 e) do Estatuto básico do empregado público, e poderán, se é o caso, incluír as especialidades necesarias con

grupos específicos de materias para o logro deste obxectivo, integrándose no mesmo corpo ou escala e co mesmo contido funcional.

d) Os procesos selectivos daqueles corpos e escalas que presenten un tronco común e temarios similares poderán ser convocados de forma unitaria con tribunais e órganos de selección comúns. Poderanse establecer programas, probas ou módulos de cursos selectivos comúns a distintos corpos ou escalas da Administración xeral do Estado, cando a natureza dos procesos e as funcións que se van desempeñar o aconsellen, logo de acordo dos departamentos afectados.

e) No marco do establecido no artigo 61.2 do Estatuto básico do empregado público, as probas e programas selectivos deberán estar orientados á comprobación dos coñecementos e da capacidade analítica dos aspirantes, así como á selección e avaliación de habilidades e destrezas asociadas aos postos de traballo, potenciando os exercicios de carácter práctico. Ademais, cando a índole das funcións que se van desempeñar o aconselle, e co fin de asegurar a obxectividade e racionalidade dos procesos selectivos, de acordo co artigo 61.5 da Lei 7/2007, as probas selectivas poderanse completar con probas psicotécnicas ou de aptitude coa realización de entrevistas, diminuíndo o peso das probas baseadas na exposición memorística. Os cursos selectivos terán carácter teórico-práctico e irán dirixidos a completar a formación en habilidades e destrezas dos funcionarios en prácticas.

Naqueles procesos selectivos en que existan probas físicas, estas establecerán baremos diferentes para mulleres e homes cando a natureza das probas o requira ou exista algunha xustificación lexítima e proporcionada do diferente trato. Todo iso no marco do establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Se algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo a causa de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen adiadas, nos termos que establezan as bases de convocatoria para estes efectos.

f) Con carácter xeral, nos procesos selectivos derivados desta oferta de emprego público, as bases de convocatoria poderán establecer a conservación da nota dos exercicios, sempre que esta nota supere o 60 por cento da cualificación máxima. A validez desta medida será aplicable á convocatoria inmediata seguinte, sempre e cando esta sexa análoga no contido e na forma de cualificación.

g) Nos procesos selectivos en que exista unha fase de concurso, terase en conta, especificamente, entre outros méritos, a valoración da experiencia acreditada polos candidatos que, con carácter interino ou temporal, tivesen desempeñado funcións análogas.

h) Farase público, no prazo máximo de 48 horas contadas desde a finalización da proba específica, o modelo de respostas correctas daqueles procesos selectivos que inclúan a realización de probas con respostas alternativas.

i) Os temarios das probas selectivas derivados desta oferta incluírán nos temas relativos ás políticas públicas especial referencia ás políticas sociais, entre elas as políticas de igualdade e contra a violencia de xénero, así como aquelas dirixidas á atención a persoas discapacitadas e/ou dependentes.

j) Os tribunais e órganos de selección actuarán con imparcialidade, profesionalidade, independencia, discrecionalidade técnica e con austeridade e axilidade á hora de ordenar o desenvolvemento dos procesos de selección, sen prexuízo da obxectividade, nos termos que prescribe o artigo 55.2 da Lei 7/2007.

k) A composición dos tribunais e órganos de selección tenderá ao principio de representación equilibrada entre mulleres e homes. Esta medida terase en conta á hora de nomear os membros que desempeñarán as presidencias e secretarías daqueles.

Promoverase a participación en tribunais e órganos de selección de persoas con discapacidade naqueles procesos en que exista quenda de reserva para este colectivo.

l) As convocatorias dos procesos selectivos e as súas bases publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e ademais difundiranse utilizándose para este fin as páxinas web dos



departamentos e organismos e remitiranse á páxina [www.060.es](http://www.060.es). Aproveitaranse as posibilidades que ofrecen os avances tecnolóxicos no ámbito dos procesos selectivos, potenciando a presentación electrónica de solicitudes e facilitando información a través da internet.

Para estes efectos, os distintos ministerios e organismos que oferten prazas incluírán na súa páxina web un enderezo dedicado a procesos selectivos, en que recollerán cada unha das convocatorias e os actos que deriven delas, e incorporarán, cando iso sexa posible, as relacións de aspirantes admitidos e excluídos, así como as relacións de aprobados en cada un dos exercicios de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

m) A presentación de instancias e, se é o caso, o pagamento da correspondente taxa realizaranse de forma telemática naqueles departamentos ministeriais e organismos públicos que dispoñan da dita posibilidade nos seus rexistros electrónicos.

Os departamentos ministeriais e os organismos públicos que non dispoñan de rexistro electrónico para a tramitación das inscricións dos candidatos nas probas selectivas poderán establecer convenios de encomenda de xestión co Ministerio de Administracións Públicas para facilitar que aquela se realice a través do rexistro situado na páxina web [www.060.es](http://www.060.es).

n) Co fin de canalizar os principios contidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as convocatorias de procesos selectivos derivadas desta oferta poderán establecer a obrigatoriedade de que os aspirantes que superen as ditas probas soliciten destino utilizando exclusivamente medios electrónicos, cando se dean as condicións pertinentes, á vista do disposto no artigo 27.6 da lei arriba mencionada.

ñ) Todas as informacións que afecten as convocatorias e o desenvolvemento de procesos selectivos serán remitidas á caixa de correo [empleopublico@map.es](mailto:empleopublico@map.es) polo órgano convocante, co fin de permitir o maior seguimento posible a través das canles de atención ao cidadán.

O Ministerio de Administracións Públicas facilitará que sexa o propio tribunal ou órgano de selección quen se subscriba ao 060 para recibir as alertas por SMS e por correo electrónico co fin de analizar a adecuación da información subministrada.

O tratamento da información por medios telemáticos terá en conta o establecido na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

o) Nas bases de convocatoria terase en conta a necesaria minoración de cargas administrativas ao cidadán, facilitando e simplificando as relacións entre a Administración convocante e os aspirantes.

p) Os departamentos poderán implantar medidas de carácter económico para facilitar a preparación, tales como axudas ou bolsas, así como outro tipo de medidas, que se arbitrarán de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e respectarán os principios constitucionais de acceso á función pública, e o apoio á promoción interna.

q) De acordo co establecido no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, non se requirirá fotocopia do documento acreditativo de identidade ou tarxeta equivalente na presentación de solicitudes para participar en procesos selectivos.

#### Artigo 5. *Persoas con discapacidade.*

De acordo co previsto no artigo 59 da Lei 7/2007, reservarase un 7 por cento das prazas ofertadas para seren cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no número 2 do artigo 1 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal de persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade, así como a compatibilidade no desempeño das funcións, de modo que, progresivamente, se alcance o 2 por cento dos efectivos totais na Administración xeral do Estado. Do 7 por

cento de prazas reservadas, o 2 por cento serano especificamente para persoas que acrediten discapacidade intelectual.

O 7 por cento de reserva antes mencionado aplicarase nos mesmos termos nas convocatorias de acceso libre e promoción interna, así como nas convocatorias de persoal laboral fixo e temporal.

Ao contido deste artigo seralle de aplicación o establecido no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Nas probas selectivas, incluíndo os cursos de formación ou períodos de prácticas, estableceranse para as persoas con discapacidade con grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento que o soliciten as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

As prazas reservadas para persoas con discapacidade poderanse convocar conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatoria independente á dos procesos libres, e garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos. No suposto de que algún dos aspirantes con discapacidade que se presentase pola cota de reserva superase os exercicios, e non obtivese praza na citada cota, sendo a súa puntuación superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, este será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

No anexo I deste real decreto figura a reserva de prazas en corpos, escalas ou categorías cuxas actividades ou funcións son compatibles, en maior medida, coa posible existencia dunha discapacidade. O número de prazas reservadas quedarán recollidas nas correspondentes bases específicas das convocatorias.

As prazas reservadas para as persoas con discapacidade que queden desertas nos procesos de acceso libre non se poderán acumular á quenda xeral, sumaranse á cota da oferta do seguinte ano, ata un límite máximo do 10 por 100.

Nos procesos de promoción interna, as prazas reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas acumularanse ás da quenda xeral.

#### Artigo 6. *Promoción interna.*

1. Á promoción interna seranlle de aplicación os criterios de austeridade e contención establecidos para a oferta de emprego público no artigo 23 da Lei 2/2008.

2. No marco do artigo 18 da Lei 7/2007 convocaranse 2.008 prazas para os distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira, coa distribución por corpos e escalas que figuran no anexo II. Estes procesos selectivos de promoción interna poderanse convocar conxuntamente coas convocatorias ordinarias de novo ingreso, ou mediante convocatoria independente.

3. Por grupos de titulación, a distribución de prazas de promoción interna é a seguinte:

Grupo A . . . . .	Subgrupo A1 . . . . .	430
	Subgrupo A2 . . . . .	528
Grupo C . . . . .	Subgrupo C1 . . . . .	647
	Subgrupo C2 . . . . .	346
Persoal non sanitario de Inxesa . . . . .		39
Persoal sanitario de Inxesa . . . . .		18
Total . . . . .		2.008

4. A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos no artigo 55.2 da Lei 7/2007.

De acordo coa disposición transitoria segunda da Lei 7/2007, o persoal laboral fixo que no momento da súa entrada en vigor estea desempeñando funcións de persoal funcionario, ou pase a desempeñalas en virtude de probas de selección ou promoción convocadas antes da dita data, poderá seguir desempeñándoas. Este persoal, así mesmo, poderá participar nos procesos selectivos de promoción interna naqueles corpos e escalas a que figuren adscritas as funcións ou postos que desempeñe, de forma conxunta co persoal funcionario.

Tanto o persoal laboral como o funcionario deberá estar en posesión da titulación exixida, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no grupo profesional ou subgrupo desde o que se ascende, cumprir o resto dos requisitos que se exixan e superar as correspondentes probas selectivas.

Serán as bases específicas de cada convocatoria as que determinarán os colectivos que poderán participar en cada proceso e as características e condicións deste.

Ao persoal laboral fixo que participe nestes procesos valoraráselle como mérito na fase de concurso os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo así como as probas selectivas superadas para acceder a esa condición. Así mesmo, facilitarase a formación específica nos casos que resulte conveniente.

5. De acordo co previsto no artigo 22.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, poderanse convocar procesos selectivos por promoción interna horizontal para o acceso a corpos e escalas da Administración xeral do Estado desde outros do seu mesmo subgrupo, sempre que os candidatos desempeñen funcións substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico, deriven vantaxes para a xestión dos servizos, se encontren en posesión da titulación requirida, prestasen servizos efectivos durante polo menos dous anos como funcionarios de carreira en corpos ou escalas do mesmo grupo de titulación do corpo ou escala a que pretenden acceder e superen as correspondentes probas.

Para o ano 2009, convocaranse procesos selectivos de acceso por promoción interna horizontal á escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación desde a escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación.

#### Artigo 7. *Persoal laboral da Administración xeral del Estado.*

As prazas que se convoquen para o persoal laboral que figuran no anexo I deste real decreto ateranse, en todo caso, ao establecido no artigo 9.2 do Estatuto básico do empregado público e no artigo 15 da Lei 30/1984.

Previamente á convocatoria de probas selectivas para ingreso nas prazas de persoal laboral que figuran no anexo I, deberase acreditar a existencia de dotación orzamentaria.

#### Artigo 8. *Persoal vinculado ao servizo exterior*

1. Nos termos establecidos no número catro do artigo 23 da Lei 2/2008, a contratación de persoal fixo ou temporal no estranxeiro, conforme a lexislación local ou, se é o caso, lexislación española, requirirá a autorización previa conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, de acordo co procedemento establecido conxuntamente por ambos os dous departamentos, sempre que exista dotación orzamentaria das prazas vacantes.

2. Continuarase co plan cuadrienal 2007-2010 de apoio á Administración exterior nos termos que establece a Orde AECI/2783/2006, do 7 de setembro.

#### Artigo 9. *Contratación laboral fixa nas entidades públicas empresariais e entes públicos.*

A contratación nestes organismos respectará a limitación que, con carácter xeral, establece o artigo 23 da Lei 2/2008.

En consecuencia, durante 2009, a contratación de persoal laboral fixo limitarase a cubrir aquelas vacantes que se consideren imprescindibles para o normal funcionamento das entidades públicas empresariais e entes públicos. Só con carácter excepcional se



poderá contratar persoal para novos postos de traballo, cando se trate da posta en funcionamento de novas áreas de actividade que se consideren prioritarias.

A autorización conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda a que se refire o parágrafo terceiro do número tres do artigo 23 da Lei 2/2008 realizarase de acordo co seguinte procedemento singular, que consta de dúas fases:

1.<sup>a</sup> Convocatoria de prazas que responden á planificación anual de contratación dos entes públicos ou entidades públicas empresariais:

Logo de estudo por parte dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda da previsión de necesidades de contratación remitidas polos distintos organismos, e tendo en conta as limitacións establecidas no artigo 23 da Lei 2/2008, cuantificarase o número máximo de prazas que se poderán convocar nesta fase para cada entidade pública empresarial ou ente público, na relación que figura no anexo I deste real decreto.

2.<sup>a</sup> Convocatoria de prazas que respondan a necesidades sobrevidas durante o exercicio:

Terán carácter excepcional e residual, e só se poderán autorizar no suposto de que se produzan durante o exercicio vacantes que non estivesen inicialmente previstas, ou necesidades sobrevidas, que deban ser cubertas sen demora para non menoscabar a normal actividade do organismo afectado. A convocatoria destas prazas adicionais deberá ser previamente autorizada polos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, de acordo co procedemento específico establecido por estes departamentos.

Así mesmo, co obxecto de posibilitar a axeitada optimización dos recursos humanos existentes no sector público, as entidades públicas empresariais e entes públicos poderán contratar, logo de autorización conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, persoal funcionario ou laboral fixo procedente de departamentos ou organismos públicos incluídos no ámbito da oferta de emprego público definido no artigo 23 tres, parágrafo primeiro, da Lei 2/2008. O Ministerio de Administracións Públicas determinará o procedemento polo cal se garantirá a publicidade e libre concorrència neste tipo de contratacións.

#### Artigo 10. *Persoal de carácter temporal*

Tal como establece o número dous do artigo 23 da Lei 2/2008, durante o ano 2009 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, logo de autorización conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda. En calquera caso, as prazas correspondentes aos nomeamentos a que se refire o artigo 10.1.a) da Lei 7/2007 e as contratacións de persoal interino por vacante computarán para os efectos de cumprir o límite máximo da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público correspondente ao mesmo ano en que aqueles se produzan e, se non for posible, na seguinte oferta de emprego público, salvo que se decida a súa amortización.

Na contratación indefinida dos profesores de relixión rexerá o disposto na Instrución conxunta do 15 de novembro de 2007 das secretarías xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos, sobre procedemento de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos.

O nomeamento de funcionarios interinos docentes e a contratación temporal de persoal de administración e servizos destinados en centros docentes públicos, así como a cobertura temporal de prazas de persoal ao servizo da Administración de xustiza exixirá, en todo caso, a autorización conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda.

Os contratos para cubrir necesidades estacionais finalizarán automaticamente ao vencer o seu prazo temporal. Nas contratacións temporais terase en conta o establecido no artigo 12.dous da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

Co obxecto de reducir os prazos de incorporación dos funcionarios interinos, aproveitaranse, con carácter xeral, as actuacións xa realizadas en procesos selectivos ordinarios, de acordo coa Resolución da Secretaría de Estado para a Administración Pública, do 24 de febreiro de 2009, pola que se establece o procedemento de aprobación e xestión de listas de candidatos dos corpos da Administración xeral do Estado, cuxa selección se encomenda á Comisión Permanente de Selección. Para o resto dos corpos e escalas será necesaria autorización da Dirección Xeral da Función Pública.

*Artigo 11. Persoal da Administración de xustiza, corpos de funcionarios docentes e persoal estatutario da Seguranza Social.*

1. En aplicación do número tres do artigo 23.tres da Lei 2/2008, e en atención ás necesidades de persoal ao servizo de Administración de xustiza derivadas das exixencias de desenvolvemento da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, autorízase ao Ministerio de Xustiza a convocatoria de probas selectivas para o ingreso nos corpos que se relacionan no anexo II deste real decreto.

2. En aplicación do mesmo número tres, e en atención ás necesidades de persoal docente, derivadas das exixencias de desenvolvemento da Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, autorízase ao Ministerio de Educación, Política Social e Deporte a convocatoria de probas selectivas nos termos do anexo I deste real decreto.

3. Así mesmo, e en atención ás necesidades de persoal estatutario da Seguranza Social nas direccións territoriais de Ceuta e Melilla do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, autorízase ao Ministerio de Sanidade e Consumo a convocatoria de probas selectivas nos termos do anexo II.

*Artigo 12. Encomenda de xestión.*

1. No suposto de non existiren listas de candidatos procedentes dos procesos selectivos ordinarios, no marco do disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por razóns de eficacia e logo de informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública, poderase encomendar a xestión material de probas selectivas de persoal funcionario interino aos ministerios ou organismos de que dependan os postos de traballo que deban ser cubertos polos funcionarios interinos.

2. A competencia para a convocatoria de probas selectivas para persoal laboral fixo, polos procedementos de acceso libre e promoción interna, correspóndelle á Dirección Xeral da Función Pública, que poderá encomendar a xestión aos distintos departamentos ministeriais, segundo o establecido no artigo 30 do II Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado.

3. A xestión material que se encomenda nos dous números anteriores concretarase nas seguintes actividades: recepción de solicitudes de participación nas probas selectivas; proposta das resolucións polas que se declaren aprobadas as listas de admitidos e excluídos e se sinalen o lugar e a data de comezo do primeiro exercicio, así como a relación de aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión; proposta dos membros que deben formar os tribunais cualificadores das probas; xestión da operativa necesaria para o desenvolvemento material dos exercicios; recepción dos documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos exixidos nas convocatorias a que fai referencia o artigo 23 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e calquera outro trámite relacionado coas actividades do proceso selectivo cuxa xestión se encomenda, sempre que non supoña alteración da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.

Os gastos orixinados pola xestión material obxecto destas encomendas correrán a cargo da sección orzamentaria do ministerio ou organismo a que se encomende a xestión.

O prazo de vixencia das encomendas de xestión deberá constar no seu instrumento de formalización.

A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade das competencias nin dos elementos substantivos do seu exercicio. É responsabilidade do órgano competente ou en quen este teña delegado ditar os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou en que se integre a concreta actividade material obxecto desta encomenda de xestión.

Disposición adicional primeira. *Oferta de emprego das corporacións locais*

As corporacións locais que aproben a súa oferta de emprego público deberán remitir os seus acordos aprobatorios á Administración xeral do Estado para os efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, respectando a taxa de reposición de efectivos do 30 por 100 que establece con carácter básico a Lei 2/2008.

Disposición adicional segunda. *Participación en tribunais de probas selectivas.*

A composición dos tribunais e órganos de selección aterase ao establecido no artigo 60 da Lei 7/2007.

Non poderán formar parte de tribunais e órganos de selección para ingreso en corpos ou escalas de funcionarios ou en categorías de persoal laboral os que teñan a consideración de alto cargo, de acordo co establecido na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Administracións Públicas,

## ANEXO I

### NOVO INGRESO

	Cota xeral	Reserva discapitados	Total prazas	
<b>Administración xeral do Estado</b>				
<i>Persoal funcionario</i>				
Subgrupo A1				
Corpos da Administración do Estado				
0903	AVOGADOS DO ESTADO .....	23	2	25
0605	ARQUITECTOS DA FACENDA PÚBLICA .....	5	0	5
0001	CARREIRA DIPLOMÁTICA .....	42	3	45
0006	ESPECIAL FACULTATIVO DE MARIÑA CIVIL .....	5	0	5
0305	FACULTATIVO DE CONSERVADORES DE MUSEOS .....	4	0	4
1209	FARMACÉUTICOS TITULARES .....	4	0	4

		Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
1406	ENXEÑEIROS AERONÁUTICOS .....	13	1	14
0100	ENXEÑEIROS AGRÓNOMOS .....	3	0	3
1000	ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS .....	8	0	8
0700	ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DO ESTADO .....	4	0	4
1402	ENXEÑEIROS NAVAIS .....	5	0	5
0102	NACIONAL VETERINARIO .....	9	1	10
1111	SUPERIOR DE ADMINISTRADORES CIVÍS DO ESTADO .....	35	3	38
0606	SUPERIOR DE ESTATÍSTICOS DO ESTADO .....	7	0	7
0621	SUPERIOR DE XESTIÓN CATASTRAL .....	5	0	5
0011	SUPERIOR DE INSPECTORES DE FACENDA DO ESTADO .....	28	2	30
1400	SUPERIOR DE METEORÓLOGOS DO ESTADO .....	3	0	3
1166	SUPERIOR DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN ADMÓN. E. .	59	6	65
0601	SUPERIOR DE TÉCNICOS COMERCIAIS E ECONOMISTAS DO ESTADO. . . .	13	1	14
0013	SUPERIOR INSPECTORES DE SEGUROS DO ESTADO .....	4	0	4
0012	SUPERIOR INTERVENTORES E AUDITORES DO ESTADO .....	7	0	7
Corpos e escalas da Administración da Seguranza Social				
1600	SUPERIOR DE LETRADOS DA ADMINISTRACIÓN DA SEGURANZA SOCIAL	6	0	6
1604	SUPERIOR DE TÉCNICOS DA ADMINISTRACIÓN DA SEGURANZA SOCIAL .	6	0	6
Escalas de organismos autónomos				
5404	CIENTÍFICOS TITULARES DO CSIC .....	45	5	50
5012	INVESTIGADORES TITULARES DOS OPI .....	15	1	16
6000S	TÉCNICA DE XESTIÓN DE OO.AA., ESP. SANIDADE E CONSUMO .....	9	1	10
5900	TÉCNICOS FACULTATIVOS SUPERIORES DE OO.AA. DO M. MEDIO AMBIENTE .....	9	0	9
5013	TÉCNICOS SUPERIORES ESPECIALISTAS DOS OPI .....	9	1	10
5405	TITULADOS SUPERIORES ESPECIALIZADOS DO CSIC .....	28	2	30
Total A1 .....		413	29	442
Subgrupo A2				
Corpos da Administración do Estado				
0617	ARQUITECTOS TÉCNICOS AO SERVIZO DA FACENDA PÚBLICA .....	5	0	5
0313	AXUDANTES DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS .....	6	0	6
0616	DIPLOMADOS COMERCIAIS DO ESTADO .....	5	0	5
0619	DIPLOMADOS EN ESTATÍSTICA DO ESTADO .....	9	1	10
1416	DIPLOMADOS EN METEOROLOXÍA DO ESTADO .....	8	0	8
0009	EXECUTIVO DO SVA .....	11	1	12
1122	XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN CIVIL DO ESTADO .....	39	3	42
1177	XESTIÓN DE SISTEMAS E INFORMÁTICA DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO .....	35	3	38
1419	ENXEÑEIROS TÉCNICOS AERONÁUTICOS .....	12	1	13
1011	ENXEÑEIROS TÉCNICOS DE OBRAS PÚBLICAS .....	9	1	10
0615	ENXEÑEIROS TÉCNICOS DO SOIVRE .....	8	0	8
0015	TÉCNICO DE AUDITORÍA E CONTABILIDADE .....	25	2	27
0014	TÉCNICO DE FACENDA .....	158	12	170
Escalas de organismos autónomos				
6458	ENFERMEIROS SUBINSPECTORES DO C. INSPECCIÓN SANITARIA ADMÓN. S.S. ....	1	0	1

		Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
6014S	XESTIÓN DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ESP. SANIDADE E CONSUMO . .	9	0	9
5913	TITULADOS ESCOLAS TÉCNICAS DE GRAO MEDIO OO.AA. DO M. MEDIO AMBIENTE. . . . .	7	0	7
Total A2 1 . . . . .		347	24	371

## Subgrupo C1

## Corpos da Administración do Estado

0010	AXENTES DO SVA. . . . .	28	2	30
1135H	XERAL ADMINISTRATIVO ADMÓN. EST., ESP. AXENTES FACENDA PÚBLICA	37	3	40
1429	OBSERVADORES DE METEOROLOXÍA DO ESTADO . . . . .	8	0	8
Total C1 . . . . .		73	5	78

## Subgrupo C2

## Corpos da Administración do Estado

1146	XERAL AUXILIAR DA ADMÓN. DO ESTADO . . . . .	458	50	508
Total C2 . . . . .		458	50	508
Total persoal funcionario . . . . .		1.291	108	1.399

*Persoal laboral*

	CONVENIO ÚNICO . . . . .	432	45	477
	MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E COOPERACIÓN. . . . .	1	0	1
	MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN . . . . .	7	0	7
	MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA. . . . .	3	0	3
	MINISTERIO DE FOMENTO . . . . .	8	0	8
	MINISTERIO DE INTERIOR . . . . .	2	0	2
	MINISTERIO DA PRESIDENCIA . . . . .	6	0	6
	MINISTERIO DE TRABALLO E INMIGRACIÓN . . . . .	2	0	2
Total persoal laboral . . . . .		461	45	506
Total xeral Administración xeral do Estado . . . . .		461	45	506

**E.P. Empresariais e Entes Públicos***Persoal funcionario*

## Subgrupo A1

## Corpos da Administración do Estado

1300	SUPERIOR C. TÉCNICO SEGURANZA NUCLEAR E P. RADIOLÓXICA. CSN . .	4	0	4
Total A1 . . . . .		4	0	4
Total persoal funcionario . . . . .		4	0	4

*Persoal laboral*

	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS (ADIF) . . . . .	126	9	135
	AEROPORTOS ESPAÑOIS E NAVEGACIÓN AÉREA (AENA). . . . .	172	13	185
	CENTRO PARA O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO INDUSTRIAL (CDTI)	5	0	5



	Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
COMISIÓN DO MERCADO DAS TELECOMUNICACIÓNS .....	6	0	6
COMISIÓN NACIONAL DA ENERXÍA .....	5	0	5
COMISIÓN NACIONAL DO MERCADO DE VALORES (CNMV) .....	4	0	4
CONSELLO DE SEGURANZA NUCLEAR .....	1	0	1
CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS .....	3	0	3
ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL DO SOLO .....	4	0	4
ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL RED.ES .....	2	0	2
FÁBRICA NACIONAL DE MOEDA E TIMBRE .....	38	3	41
FERROCARRÍS DE VÍA ESTREITA (FEVE) .....	12	1	13
INSTITUTO CERVANTES .....	1	0	1
INSTITUTO CRÉDITO OFICIAL .....	5	0	5
INSTITUTO ESPAÑOL DE COMERCIO EXTERIOR (ICEX) .....	9	1	10
MUSEO NACIONAL DO PRADO .....	8	0	8
PORTOS DO ESTADO E AUTORIDADES PORTUARIAS .....	88	7	95
SOCIEDADE DE SALVAMENTO E SEGURANZA MARÍTIMA (SASEMAR) .....	7	0	7
Total persoal laboral .....	496	34	530
Total xeral e.p. empresariais e entes públicos .....	500	34	534

### Persoal do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte

#### Persoal funcionario

#### Subgrupo A2

#### Corpos da Administración do Estado

0597	MESTRES .....	139	11	150
	Total A2 .....	139	11	150
	Total persoal funcionario .....	139	11	150
	Total xeral persoal do M.º de Educación, Política Social e Deporte .....	139	11	150

#### Persoal da Administración de xustiza

	CORPO SUPERIOR XURÍDICO DE SECRETARIOS XUDICIAIS .....	270	20	290
	CORPO DE MÉDICOS FORENSES .....	32	2	34
	CORPO DE FACULTATIVOS DO INSTITUTO NACIONAL DE TOXICOLOXÍA E C. FORENSES .....	20	2	22
	CORPO DE TÉCNICOS ESPECIALISTAS DO INSTITUTO NACIONAL DE T. E C. FORENSES .....	32	2	34
	CORPO DE XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA .....	631	47	678
	CORPO DE TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA .....	1.213	91	1.304
	AUXILIO XUDICIAL .....	485	36	521
	Total .....	2.683	200	2.883

Destas prazas corresponden ao Ministerio de Xustiza:

	CORPO SUPERIOR XURÍDICO DE SECRETARIOS XUDICIAIS .....	270	20	290
	CORPO DE MÉDICOS FORENSES .....	6	0	6
	CORPO DE FACULTATIVOS DO INSTITUTO NACIONAL DE TOXICOLOXÍA E C. FORENSES .....	20	2	22
	CORPO DE TÉCNICOS ESPECIALISTAS DO INSTITUTO NACIONAL DE T. E C. FORENSES .....	32	2	34
	CORPO DE XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA .....	28	2	30

	Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
CORPO DE TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA .....	100	7	107
AUXILIO XUDICIAL .....	47	4	51
<b>Total</b> .....	<b>503</b>	<b>37</b>	<b>540</b>
Corresponden a comunidades autónomas que recibiron traspasos de medios persoais as seguintes prazas:			
CORPO DE MÉDICOS FORENSES .....	26	2	28
CORPO DE XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA .....	603	45	648
CORPO DE TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA .....	1.113	83	1.197
AUXILIO XUDICIAL .....	437	33	470
<b>Total</b> .....	<b>2.180</b>	<b>163</b>	<b>2.343</b>

### Colectivos excluídos do 30% da taxa de reposición (artigo 23 da Lei 2/2008)

#### Persoal funcionario

##### Subgrupo A1

###### Corpos da Administración do Estado

0900	FACULTATIVO DE SANIDADE PENITENCIARIA .....	15	0	15
1502	SUPERIOR DE INSPECTORES DE TRABALLO E SEGURANZA SOCIAL .....	93	7	100
0902	SUPERIOR DE TÉCNICOS DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS .....	80	0	80

###### Escalas de organismos autónomos

6305	TITULADOS SUPERIORES DO INSHT. ....	13	1	14
<b>Total A1</b> .....		<b>201</b>	<b>8</b>	<b>209</b>

##### Subgrupo A2

###### Corpos da Administración do Estado

0911	ATS DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS .....	36	0	36
1122	XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN CIVIL DO ESTADO .....	74	6	80
1510	SUBINSPECTORES DE EMPREGO E SEGURANZA SOCIAL .....	51	4	55
<b>Total A2</b> .....		<b>161</b>	<b>10</b>	<b>171</b>

##### Subgrupo C1

###### Corpos da Administración do Estado

0921	AXUDANTES DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS .....	1.123	0	1.123
<b>Total C1</b> .....		<b>1.123</b>	<b>0</b>	<b>1.123</b>

##### Subgrupo C2

###### Corpos da Administración do Estado

1146	XERAL AUXILIAR DA ADMÓN. DO ESTADO .....	573	60	633
<b>Total C2</b> .....		<b>573</b>	<b>60</b>	<b>633</b>
<b>Total persoal funcionario</b> .....		<b>2.058</b>	<b>78</b>	<b>2.136</b>

	Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
<b>Persoal laboral</b>			
CONVENIO ÚNICO .....	286	32	318
Total persoal laboral .....	286	32	318
Total xeral Administración xeral do Estado .....	2.356	110	2.466

**ANEXO II****PROMOCIÓN INTERNA**

	Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
--	------------	------------------------	--------------

**Administración xeral do Estado***Persoal funcionario***Subgrupo A1****Corpos da Administración do Estado**

0605	ARQUITECTOS DA FACENDA PÚBLICA .....	2	0	2
1209	FARMACÉUTICOS TITULARES .....	5	0	5
1406	ENXEÑEIRO AERONÁUTICOS .....	10	0	10
1000	ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS .....	2	0	2
0102	NACIONAL VETERINARIO .....	6	0	6
1111	SUPERIOR DE ADMINISTRADORES CIVÍS DO ESTADO .....	3	0	3
0606	SUPERIOR DE ESTATÍSTICOS DO ESTADO .....	5	0	5
0011	SUPERIOR DE INSPECTORES DE FACENDA DO ESTADO .....	28	2	30
1502	SUPERIOR DE INSPECTORES DE TRABALLO E SEGURANZA SOCIAL .....	39	4	43
1400	SUPERIOR DE METEORÓLOGOS DO ESTADO .....	5	0	5
1166	SUPERIOR DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN ADMÓN. E. . .	2	0	2
0601	SUPERIOR DE TÉCNICOS COMERCIAIS E ECONOMISTAS DO ESTADO. . . .	5	0	5
0902	SUPERIOR DE TÉCNICOS DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS .....	15	0	15
0012	SUPERIOR INTERVENTORES E AUDITORES DO ESTADO .....	4	0	4

**Corpos e escalas da Administración da Seguraza Social**

1630	SUPERIOR DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA ADMÓN DA SS .....	2	0	2
------	---	---	---	---

**Escalas de organismos autónomos**

5301	CIENTÍFICOS SUPERIORES DO INTA .....	8	0	8
5404	CIENTÍFICOS TITULARES DO CSIC .....	5	0	5
5403	INVESTIGADOR CIENTÍFICO DO CSIC .....	65	5	70
5012	INVESTIGADORES TITULARES DOS OPI .....	22	2	24
5402	PROFESORES DE INVESTIGACIÓN DO CSIC .....	46	4	50
6000	TÉCNICA DE XESTIÓN DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS .....	92	8	100
5013	TÉCNICOS SUPERIORES ESPECIALISTAS DOS OPI .....	18	1	19

		Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
6305	TITULADOS SUPERIORES DO INSHT. ....	5	0	5
5405	TITULADOS SUPERIORES ESPECIALIZADOS DO CSIC. ....	9	1	10
Total A1 .....		403	27	430

## Subgrupo A2

## Corpos da Administración do Estado

0617	ARQUITECTOS TÉCNICOS AO SERVIZO DA FACENDA PÚBLICA .....	2	0	2
0313	AXUDANTES DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS .....	6	0	6
0619	DIPLOMADOS EN ESTATÍSTICA DO ESTADO .....	2	0	2
1416	DIPLOMADOS EN METEOROLOXÍA DO ESTADO .....	5	0	5
0009	EXECUTIVO DO SVA. ....	9	1	10
0913	ESPECIAL DE INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS. ....	74	6	80
1122	XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN CIVIL DO ESTADO .....	164	16	180
1177	XESTIÓN DE SISTEMAS E INFORMÁTICA DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO. ....	23	3	26
1419	ENXEÑEIROS TÉCNICOS AERONÁUTICOS. ....	5	0	5
0406	ENXEÑEIROS TÉCNICOS DE ARSENAIS DA ARMADA .....	3	0	3
1011	ENXEÑEIROS TÉCNICOS DE OBRAS PÚBLICAS .....	2	0	2
1510	SUBINSPECTORES DE EMPREGO E SEGURANZA SOCIAL .....	5	0	5
0015	TÉCNICO DE AUDITORÍA E CONTABILIDADE .....	9	1	10
0014	TÉCNICO DE FACENDA .....	46	4	50

## Escalas de organismos autónomos

6014	XESTIÓN DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS .....	93	7	100
5022	TÉCNICOS ESPECIALISTAS DE GRAO MEDIO DOS OPI .....	36	3	39
5310	TITULADOS TÉCNICOS ESPECIALIZADOS DO INTA. ....	3	0	3
Total A2 .....		487	41	528

## Subgrupo C1

## Corpos da Administración do Estado

1135H	XERAL ADMINISTRATIVO ADMÓN. EST., ESP. AXENTES FACENDA PÚBLICA	46	4	50
1135	XERAL ADMINISTRATIVO DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO. ....	431	32	463
0416	MESTRES DE ARSENAIS DA ARMADA .....	9	1	10
1429	OBSERVADORES DE METEOROLOXÍA DO ESTADO .....	6	0	6
1188	TÉCNICOS AUXILIARES DE INFORMÁTICA DA ADMÓN. DO ESTADO .....	20	2	22

## Escalas de organismos autónomos

5000	AXENTES AMBIENTAIS DE OO.AA. DO M. MEDIO AMBIENTE .....	37	3	40
5321	ANALISTAS E OPERADORES LABORATORIO DO INTA .....	4	0	4
5024	AXUDANTES DE INVESTIGACIÓN DOS OPI .....	48	4	52
Total C1 .....		601	46	647

## Subgrupo C2

## Corpos da Administración do Estado

1146	XERAL AUXILIAR DA ADMÓN. DO ESTADO .....	317	25	342
------	--	-----	----	-----

	Cota xeral	Reserva discapacitados	Total prazas
Escalas de organismos autónomos			
5048   AUXILIARES DE INVESTIGACIÓN DOS OPI .....	4	0	4
Total C2 .....	321	25	346
Total persoal funcionario .....	1.812	139	1.951
<i>Persoal do Instituto de Xestión Sanitaria</i>			
Persoal non sanitario			
ADMINISTRATIVOS FUNCIÓN ADMINISTRATIVA .....	6	0	6
AUXILIARES ADMINISTRATIVOS .....	9	1	10
CELADORES .....	6	0	6
GRUPO DE XESTIÓN DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA .....	6	0	6
GRUPO TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA .....	4	0	4
TÉCNICOS ESPECIALISTAS EN LABORATORIO .....	7	0	7
Total persoal non sanitario .....	38	1	39
Persoal sanitario			
DIPLOMADO SANITARIO ATS/DUE .....	18	0	18
Total persoal sanitario .....	18	0	18
Total xeral .....	1.868	140	2.008